



EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

ÁREA DE DEPORTES, ARTESANÍA E DESEÑO, MEMORIA HISTÓRICA

Anuncio

CONCESIÓN DE PREMIOS PARA DEPORTISTAS INDIVIDUAIS DA PROVINCIA DE LUGO, DISCIPLINA AUTOMOBILISMO, ESPECIALIDADE RALLY DE ASFALTO, TERRA OU MONTAÑA E VEHÍCULOS HISTÓRICOS NA ANUALIDADE 2021

Para os efectos oportunos, en relación á convocatoria de premios para deportistas individuais da provincia de Lugo, disciplina automobilismo, especialidade rally de asfalto, terra ou montaña e vehículos históricos, na anualidade 2021 a Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo en sesión celebrada o 22 de outubro de 2021, acordou:

Primeiro. Aprobar a resolución provisional de concesión de premios para deportistas individuais da provincia de Lugo, disciplina automobilismo, especialidade rally de asfalto, terra ou montaña e vehículos históricos na anualidade 2021, de acordo aos criterios de valoración e número de premios e contías previstos nas bases da convocatoria, segundo as especificacións que constan nas listaxes que se achegan anexadas á acta da Comisión de avaliación.

Segundo. O presente acordo de carácter provisional, terá carácter definitivo no caso de finalizar o trámite de audiencia sen que se formulasen alegacións e procederese á publicación no BOP e na paxina web da Deputación de Lugo www.deputacionlugo.org do anuncio correspondente para o seu coñecemento e efectos oportunos.

Terceiro. Notificar o presente acordo provisional aos beneficiarios de acordo ao previsto na base décima da convocatoria, concedéndolles un prazo de dez días para presentar alegacións.

En aplicación do previsto no referido acordo e na base décima. *RESOLUCIÓN E NOTIFICACIÓN*s das bases da convocatoria, procedeuse á publicación no BOP núm. 247 do mércores, 27 de outubro de 2021 *Resolución provisional premios deportistas rallys 2021* (páx.1, r. 3078) e na páxina web da Deputación de Lugo www.deputacionlugo.org, da notificación aos interesados do acordo de resolución provisional, concedéndolles un prazo de dez (10) días contados a partir do día seguinte ao da súa publicación no BOP de Lugo, para que os interesados puideran presentar alegacións.

En consecuencia e en aplicación do indicado, o acordo de carácter provisional de Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo en sesión celebrada o 22 de outubro de 2021, terá carácter definitivo por finalizar o trámite de audiencia sen que se formulasen alegacións e procédese á publicación no BOP e na paxina web da Deputación de Lugo www.deputacionlugo.org do anuncio correspondente para o seu coñecemento e efectos oportunos.

Ao abeiro do previsto na base décima. *RESOLUCIÓN E NOTIFICACIÓN*s das Bases da convocatoria e do disposto no artigo 45 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP), o acordo de resolución definitiva do procedemento non será obxecto de notificación individualizada, senón que será obxecto de notificación por medio de publicación no BOP e na páxina web da Deputación de Lugo <http://www.deputacionlugo.gal>.

O que se notifica aos efectos oportunos. Contra este acordo, que pon fin á vía administrativa, e de conformidade co previsto na base 21. *Réxime de recursos* das Bases da convocatoria, e do disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, e no 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, poderase interpoñer con carácter potestativo, recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo dun mes, a contar desde o día seguinte ao da presente publicación no BOP de Lugo, ou ben recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo, dentro do prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da presente publicación no BOP de Lugo.

En caso de optar polo recurso potestativo de reposición non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio administrativo.

Todo iso sen prexuízo de calquera outro recurso ou acción que estime procedente.

Lugo, 18 de novembro de 2021.-O Presidente, P.D. Decreto de data 26-07-2019. O Deputado Delegado de Promoción Económica e Social. Pablo Rivera Capón, A Secretaria Xeral P.S. O Secretario Xeral Adxunto, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 3339

CONCELLOS

ALFOZ

Anuncio

En cumprimento do indicado no artigo 44.2 e 46.2 do Real Decreto 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, pone en público coñecemento o Decreto da Alcaldía n.º 853, de data 17 de novembro de 2021, que literalmente di:

O Alcalde pode delegar o exercicio das súas atribucións, salvo as de convocar e presidir as sesións do Pleno e da Xunta de Goberno Local, decidir os empates co voto de calidade, a concertación de operacións de crédito, a xefatura superior de todo o persoal, a separación do servizo dos funcionarios e o despedimento do persoal laboral, a consulta popular sobre aqueles asuntos da competencia propia municipal e de carácter local, e as enunciadas nos parágrafos a), e), j), k), l) e m) do apartado 1 do artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local.

O Alcalde pode delegar o exercicio de determinadas atribucións nos membros da Xunta de Goberno Local, e, onde esta non exista, nos Tenentes de Alcalde, sen prexuízo das delegacións especiais que, para labores específicos, poida realizar en favor de calquera concelleiro, áinda que non pertencesen a aquela Xunta.

Xunto coa modalidade de delegacións xenéricas, a Alcaldía pode efectuar delegacións especiais en calquera concelleiro para a dirección e xestión de asuntos determinados , ben para un servizo o un asunto determinado.

Considerando o informe xurídico recaído no expediente 379/2021, comunicación previa para a sustitución de cuberta de almacén anexo á vivenda promovido pola Sra Val Díaz, se entende que concorre causa de abstención de conformidade co regulado no artigo 23 da Lei 40/2015, de réxime xurídico do Sector Público.

Á vista do exposto, DECRETO:

PRIMEIRO.- Entender que concorre causa de abstención no expediente 379/2021, de comunicación previa para a sustitución de cuberta de almacén anexo a vivenda .

SEGUNDO.- Delegar na Teniente de Alcalde, Dona Arantxa Incera Ares, as competencias propias da Alcaldía conforme a normativa urbanística e a ordenanza municipal aplicable no expediente de referencia.

TERCEIRO.- Comuníquese a presente á Sra Incera, aos efectos de formular aceptación , e publíquese no BOP de Lugo.

CUARTO.- Dar conta ao Pleno da Corporación, na primeira sesión que este celebre, do contido da delegación.

Alfoz, 18 de novembro de 2021.-O Alcalde, Jorge Val Diaz.

R. 3331

O CORGO

Anuncio

EDICTO DE EXPOSICIÓN Ó PÚBLICO

O Sr. Alcalde, por Decreto de 29 de outubro deste ano, aprobou o Padrón provisional comprensivo dos suxeitos pasivos (contribuíntes) polos conceptos de **taxa de recollida de lixo e TAXA POLO SERVICIO DE SUBMINISTRO DE AUGA DOMICILIARIA (incluído o canon da auga)** para o primeiro semestre de 2021.

Por medio do presente, pone en coñecemento dos contribuíntes obrigados ó pago da taxa e canon indicados, que dispoñen dun prazo de 15 días, contados a partir da publicación deste edicto no BOP de Lugo, ó obxecto de que o Padrón poida ser examinado e presenta-las reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevado a definitivo se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación contra o mesmo.

Contra o citado acordo polo que se inclúen os contribuíntes no Padrón así como contra a liquidación e efectividade da taxa de recollida de lixo, interporase, ante a Alcaldía, recurso de reposición no prazo dun mes a contar desde a notificación.

Contra a resolución expresa do recurso de reposición poderase interpoñer recurso contencioso administrativo no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ó da súa notificación. No caso de resolución presunta o

prazo para interpoñer o recurso contencioso administrativo será de 6 meses contados a partir do día seguinte a aquel en que finalice o prazo dun mes desde a interposición do recurso de reposición.

ANUNCIO DE COBRANZA

O prazo de ingreso, en período voluntario, será o comprendido entre o 29 de outubro e o 29 de decembro de 2021, ámbolos dous inclusive. O ingreso do recibo farase na conta restrinxida número **ES10 2080 0156 4031 1000 0057**, ó nome deste Concello na oficina do Corgo de Abanca.

Os recibos dos titulares que non teñan domiciliado o pago, serán enviados ós seus respectivos domicilios para que fagan o ingreso na conta indicada. As persoas que teñan domiciliado o pago non terán que preocuparse, xa que o Concello remitirá á Caixa a relación de recibos para que se ingrese o seu importe na conta municipal citada.

Vencido o citado prazo en período voluntario, iniciarase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e dos recargos do período executivo nos temos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, e no seu caso das costas do procedemento de apremio, de acordo co establecido no artigo 161 da citada Lei, procedéndose á súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, segundo o preceptuado no Regulamento Xeral de Recadación. O recargos do período executivo serán os previstos no artigo 28 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria.

No caso do canon da auga, según dispón o artigo 49.7 do Decreto 136/2012, de 31 de maio, polo que se aproba o Regulamento de dito canon, cando polos contribuíntes afectados non se fixera efectivo o canon da auga no período voluntario sinalado, esixirase directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola Consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia e, así mesmo, faise saber que a repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes desde que se entenda producida a notificación mediante o padrón.

A presente publicación ten o carácter de notificación colectiva, de acordo co establecido no artigo 102 da indicada Lei Xeral Tributaria.

O Corgo, 16 de novembro de 2021.-O alcalde, Felipe Labrada Reija.

R. 3332

Anuncio

Polo Pleno do Concello, en sesión celebrada o día 19 de novembro de 2021, prestouse aprobación ao expediente de modificación do orzamento con número 11/2021, de créditos extraordinarios e suplementos de crédito, por un importe total de cento trinta e oito mil euros (138.000,00 euros), cuarto de competencia do Pleno.

Cumprindo o disposto no artigo 177.2 en relación co 169.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, exponse ao público polo prazo de quince días hábiles, na Secretaría do Concello, co fin de que durante o mesmo (que se contará a partir do seguinte ao da inserción do edicto no Boletín Oficial da Provincia) poidan formularse as reclamacións que se consideren oportunas, que se deberán dirixir ao alcalde-presidente do Concello.

O Corgo, 20 de novembro de 2021.-O alcalde, Felipe Labrada Reija.

R. 3341

FOZ

Anuncio

Habéndose aprobado inicialmente por acordo do pleno municipal de data 19 de novembro de 2021 a modificación puntual da RPT de conformidade coa documentación que obra no expediente 1193/2020, sométese o expediente a información pública por prazo de vinte (20) días hábiles a contar desde o seguinte á publicación do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, durante os cales os interesados poderán examinala e presentar reclamacións ante o Pleno, a tenor do disposto no artigo 202 da Lei 2/2015, de emprego público de Galicia.

A aprobación provisional elevarase a definitiva se durante o citado prazo non se presentaron reclamacións; en caso contrario, deberá ser obxecto de aprobación definitiva polo Pleno, previa resolución das reclamacións, suxerencias ou alegacións presentadas.

Foz, 22 de novembro de 2021.- O ALCALDE, FRANCISCO CAJOTO CASERIO.

R. 3342

Anuncio

Habéndose aprobado inicialmente por acordo do pleno municipal de data 19 de novembro de 2021 a modificación da Plantilla de persoal para o presente exercicio 2021, co fin de adaptar as prazas aos postos da RPT segundo a modificación proposta, sométese o expediente a información pública por prazo de quince (15) días hábiles a contar desde o seguinte á publicación do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, durante os cales os interesados poderán examinala e presentar reclamacións ante o Pleno, de conformidade co disposto no artigo 169.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

A aprobación provisional elevarase a definitiva se durante o citado prazo non se presentaron reclamacións; en caso contrario, deberá ser obxecto de aprobación definitiva polo Pleno, previa resolución das reclamacións, suixerencias ou alegacións presentadas. En todo caso queda condicionada a aprobación definitiva da modificación da Plantilla á efectiva aprobación definitiva da modificación da RPT, surtindo efectos a súa modificación no momento da aprobación definitiva da RPT.

Foz, 22 de novembro de 2021.- O ALCALDE, FRANCISCO CAJOTO CASERIO.

R. 3343

LÁNCARA

Anuncio

Anuncio de información pública da relación de bens e dereitos necesarios a expropiar para obtención dos terreos clasificados como sistemas xerais e locais de A Pobra de San Xiao (Láncara)

A alcaldía do Concello de Láncara o día 18 de novembro de 2021 aprobou a relación de bens e dereitos afectados de necesaria ocupación ós efectos de expropiación para a obtención dos sistemas xerais e locais dentro do solo urbano clasificado polo PXOM do Concello de Láncara en Pobra de San Xiao, e comprenden os terreos ocupados polas vías e demais infraestruturas ferroviarias, entre os PK 409/572 e PK 410/799,15.

De acordo co establecido no acordo citado, e en cumprimento ó establecido nos artigos 18 e 19.1 da Lei de Expropiación Forzosa de 16 de decembro de 1954 sobre a necesidade de ocupación, e concordantes do Regulamento (Decreto de 26 de abril de 1957), sométese a información pública a citada relación de bens e dereitos afectados, para que dentro do prazo de quince días, contados a partir do seguinte á inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia Lugo e no xornal El Progreso, calquera persoa poida aportar os datos oportunos para rectificar posibles errores na relación ou oponerse por razóns de fondo ou forma á necesidade de ocupación.

Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello <http://lancara.sedelectronica.gal>.

RELACIÓN DE BENS AFECTADOS

| Rfa. catastral | Titular | Superficie | Afeccións | Natureza |
|----------------|---------|------------|---|--|
| 7069901PH2476N | ADIF | 21.347,92 | SOLO EDIFICADO: Superficies construídas: -Almacén: 158 m ² -Depósito: 13 m ² -Estación: 447 m ² -Almacén: 40 m ² | SOLO URBANO: -Sistema xeral de equipamentos -Sistema xeral de espazos libres -Sistema xeral de comunicacóns -Sistema local de comunicacóns |
| 27026A00109016 | | | | |
| 27026A00109006 | | | | |
| 7175158PH2477N | | | | |

Láncara, 18 de novembro de 2021.-O alcalde, Darío Antonio Piñeiro López.

R. 3333

OUROL

Anuncio

EXPOSICIÓN AO PÚBLICO

A Xunta de Goberno Local do Concello de Ourol en sesión extraordinaria celebrada o día 11 de novembro de 2021, prestou aprobación inicial ao **Padrón fiscal do Servizo de Axuda no Fogar correspondente ao mes de**

OUTUBRO de 2021 a través da Lei de Dependencia e Programa Básico de Axuda no Fogar polo importe de tres mil cento setenta e tres euros con oito céntimos (3.173,08 €), correspondendo mil trescentos corenta e sete euros con sesenta céntimos (1.347,60 €) a libre concorrenza e mil oitocentos vinte e cinco euros con vinte e oito céntimos (1.825,28 €) a dependencia.

Consonte ao disposto no artigo 102.3 da Lei xeral tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pagamento do prezo público, que disponen dun prazo de **15 días**, contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ao obxecto de que poida ser examinado e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevado a definitivo se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación.

Así mesmo, e de conformidade con artigo 223.1 da Lei xeral tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición perante o Sr. Alcalde-Presidente, no prazo **dun mes**, que comezará a contar dende o día seguinte ao do remate do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

ANUNCIO DE COBRANZA

Para o cobramento do mesmo, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seránllas adebedados nas contas bancarias respectivas. Para os demás contribuíntes os recibos poranse á súa disposición nas oficinas municipais para efectuar o pago.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público do padrón e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102 da referida Lei xeral tributaria.

Ouro, 16 de novembro de 2021.- O Alcalde, José Luis Pajón Camba .

R. 3334

A PONTENOVA

Anuncio

Os efectos do disposto no artigo 212.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, ponse en coñecemento xeral que na Secretaría desta entidade atópase exposta ao público a Conta Xeral correspondente ao exercicio 2020, xunto co informe da Comisión Especial de Contas, por prazo de quince días, durante os cales os interesados poderán presentar reclamacións, reparos ou observacións que, examinados pola Comisión Especial de Contas e practicadas pola devandita cantas comprobacións estime necesarias, emitirá novo informe e someterase ao Pleno da Corporación para a súa aprobación, sen prexuízo do seu sometemento á fiscalización externa do Consello de Contas e do Tribunal de Cuentas. Á súa vez, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello [<http://concellodapontenova.sedelectronica.es>].

A Pontenova, 19 de novembro do 2021.- O Alcalde, Darío Campos Conde.

R. 3356

TRABADA

Anuncio

FORMALIZACIÓN CONTRATO DE PERSOAL LABORAL FIJO

Unha vez rematado o proceso selectivo, mediante a Resolución da Alcaldía 436/2021 de data 9 de novembro de 2021, se acorda a formalización do contrato de traballo a nome de Don Iván Sordo Yanes, con NIF ***4674**, persoal laboral fixo do Concello de Trabada, para a praza de Conductor- Oficial de servizos multiples de Administración Especial do Grupo C, Subgrupo C2 da Escala de Administración Especial, Subescala Servizos especiais, incluída na oferta de emprego publico deste Concello do ano 2020.

O que se fai público ós efectos oportunos.

Trabada, 22 de novembro de 2021.- A alcadesa, Mayra García Bermúdez.

R. 3354

*Anuncio***NOMEAMENTO DE FUNCIONARIA DE CARREIRA DE ADMINISTRACIÓN XERAL.**

Unha vez rematado o proceso selectivo, mediante a Resolución da Alcaldía 435/2021 de data 9 de novembro de 2021, nomeouse a Dona Noelia María Bacelo López, con NIF ***9034**, funcionaria de carreira do Concello de Trabada, para a praza de Auxiliar Administrativa de Administración Xeral do Grupo C, Subgrupo C2 da Escala de Administración Xeral, Subescala Auxiliar, incluída na oferta de emprego publico deste Concello do ano 2020.

O que se fai público para os efectos do artigo 62 do texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público, aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, e do artigo 60 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.

Trabada, 22 de novembro de 2021.- A alcadesa, Mayra García Bermúdez.

R. 3355

XOVE*Anuncio***APROBACIÓN DEFINITIVA**

Tendo sido modificado polo Pleno deste Concello o Anexo de Persoal do Orzamento para o exercicio de 2021, por acordo adoptado en sesión celebrada o 18 de outubro de 2021, agora elevado a definitivo por Resolución de Alcaldía ao non terse interposto reclamacións no prazo de exposición ao público. Dando cumprimento ao que dispón o artigo 169 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, faise público o texto definitivo da citada modificación:

Onde di:

FUNCIONARIOS DE CARREIRA DE ADMINISTRACIÓN XERAL.

SUBESCALA TÉCNICA

Denominación da Praza: Técnico de Administración General.

Escala: Administración General.

Subescala: Técnica.

Grupo: A1

Número de Prazas: 1.

Situación. Vacante.

Debe decir:

FUNCIONARIOS DE CARREIRA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL.

SUBESCALA TÉCNICA

Denominación da Praza: Técnico de Administración Especial.

Escala: Administración Especial.

Subescala: Técnica.

Grupo: A1

Número de Prazas: 1.

Situación. Vacante.

Xove, 17 de novembro de 2021. O Alcalde, Jose Demetrio Salgueiro Rapa.

R. 3335

*Anuncio***Aprobación definitiva do expediente de modificación de créditos número 21/2021**

Tendo sido aprobado polo Pleno deste Concello o Expediente de Modificación de Créditos nº 21/2021 de Suplemento de Crédito, por acuerdo adoptado en sesión celebrada o 18 de outubro de 2021, non tendo sido presentada ningunha reclamación ao mesmo, dando cumprimento ao que dispón o artigo 177 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, faise público que dito expediente ascende a TRESCENTOS SESENTA E OITO MIL EUROS

(368.000,00 €) quedando o Estado de Gastos e Ingresos do Orzamento Xeral para 2.021 como de seguido se reflicte:

ESTADO DE GASTOS

| <u>CAPÍTULO</u> | <u>DENOMINACIÓN</u> | <u>IMPORTE</u> |
|-----------------|---|---------------------|
| 1 | A) OPERACIÓNS CORRENTES Gastos de persoal | 3.328.637,49 |
| 2 | Gastos en bens correntes e servicios | 3.052.387,19 |
| 3 | Gastos financieros | 3.000,00 |
| 4 | Transferencias correntes | 533.976,00 |
| 6 | B) OPERACIÓNS DE CAPITAL Investimentos reais | 2.517.383,83 |
| | TOTAL GASTOS | <u>9.435.384,51</u> |

ESTADO DE INGRESOS

| <u>CAPÍTULO</u> | <u>DENOMINACIÓN</u> | <u>IMPORTE</u> |
|-----------------|---|---------------------|
| 1 | A) OPERACIÓNS CORRENTES Impostos directos | 3.900.000,00 |
| 2 | Impostos indirectos | 12.000,00 |
| 3 | Taxas e outros ingresos | 2.481.337,59 |
| 4 | Transferencias correntes | 1.534.228,02 |
| 5 | Ingresos patrimoniais | 13.600,00 |
| 7 | B) OPERACIÓNS DE CAPITAL Transferencias de capital | 834.832,71 |
| 8 | Activos financeiros | 659.386,19 |
| | TOTAL INGRESOS | <u>9.435.384,51</u> |

Segundo dispón o artigo 177.2 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, en relación co artigo 169 do mesmo Texto Refundido, contra este Expediente poderá interporse directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

Xove, 17 de novembro de 2021. -O Alcalde, José Demetrio Salgueiro Rapa .

R. 3336

MANCOMUNIDADE DE MUNICIPIOS DA TERRA CHÁ

Anuncio

Anuncio de exposición ao público da conta xeral da Mancomunidade de Municipios da Terra Chá correspondente ao exercicio 2020.

Informada pola Comisión Especial de Contas, en sesión celebrada o día 17 de novembro do 2021, a Conta Xeral da Mancomunidade de Municipios da Terra Chá do ano 2020, e dando cumprimento ao disposto no artigo 212.3. do Real Decreto Lexislativo, 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, exponse ao público por prazo de quince días, contados a partir do seguinte á publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, durante os cales, os interesados, debidamente lexitimados, poderán presenta-las reclamacións, reparos e observacións que estimen pertinentes.

Cospeito, 17 de novembro do 2021.- O PRESIDENTE, Armando Castosa Alvariño.

R. 3337

MINISTERIO DE FACENDA

BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIÓNS (BDNS) – XOVE

EXTRACTO DE LA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA Nº 2021-0890 DEL 17 DE NOVIEMBRE DE 2021 POR LA QUE SE APRUEBA LA CONVOCATORIA, EN RÉGIMEN DE CONCURRENCIA NO COMPETITIVA Y TRAMITACIÓN ANTICIPADA DE LAS AYUDAS AL ESTUDIO DEL AYUNTAMIENTO DE XOVE, EN LA MODALIDAD DE TRANSPORTE MEDIANTE EL SISTEMA DE BONOBÚS PARA EL EJERCICIO 2022.

BDNS (Identif.): 595922

De conformidad con lo previsto en los artículos 17.3.b y 20.8.a de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones, se publica el extracto de la convocatoria cuyo texto completo puede consultarse en la Base de Datos Nacional de Subvenciones (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/595922>)

Primeiro. Beneficiarios.

Podrán ser beneficiarios de las ayudas aquellos estudiantes que incurran en gastos derivados del transporte universitario efectuado por la empresa ARRIVA a los campus universitarios de Coruña y Santiago así como el transporte para ciclos formativos que no se cursen en San Cibrao, Burela y Viveiro.

Segundo. Objeto

El objeto de la presente convocatoria es regular el sistema de concesión de becas y ayudas al estudio para contribuir a sufragar los gastos derivados del transporte universitario efectuado por la empresa ARRIVA a los campus universitarios de Coruña y Santiago así como el transporte para ciclos formativos que no se cursen en San Cibrao, Burela y Viveiro, correspondiente al ejercicio de 2022.

Tercero. Bases reguladoras

Puede consultarse la Ordenanza General de Subvenciones del Ayuntamiento de Xove en la siguiente dirección:

<http://xove.sedelectronica.gal/transparency/58926865-bd2e-46f3-857a-14f57f19f9fd/>

Cuarto. Cuantía

La cuantía máxima destinada a las presentes subvenciones es de 2.000,00 € (partida 326.481 del Estado de Gastos del Presupuesto Municipal). La presente convocatoria se sujetará al régimen de tramitación anticipada del gasto regulado en el artículo 56 del RD 887/2006, de 21 de julio, por el que se aprueba el Reglamento de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones, y en el artículo 25 del Decreto 11/2009, de 8 de enero, por el que se aprueba el Reglamento de la Ley 9/2007, de 13 de junio, de Subvenciones de Galicia. La concesión de las ayudas queda por lo tanto condicionada expresamente a la existencia de crédito adecuado y suficiente en el momento de la resolución de concesión.

De acuerdo con lo establecido en la Ley 9/2007, de 13 de junio de Subvenciones de Galicia, esta línea de ayudas se tramita en la modalidad de concurrencia no competitiva, de manera que las solicitudes serán atendidas sin comparación con otras solicitudes hasta el agotamiento del crédito disponible. En su artículo 19.2 a antedicha Ley establece que las bases reguladoras de las convocatorias de las ayudas podrán excepcionar del requisito de fijar una orden de prelación entre las solicitudes presentadas que reúnan los requisitos establecidos cuando, por el objeto y finalidad de la subvención no sea necesario realizar la comparación y prelación de las solicitudes presentadas en un único presupuesto hasta el agotamiento del crédito presupuestario, con las garantías previstas en el artículo 31.4 de esta Ley, que establece que en el momento del agotamiento de la partida presupuestaria asignada no podrán admitirse posteriores solicitudes destinadas a participar de él, salvo que se recurra a un incremento del crédito presupuestario o se recurra a una nueva convocatoria, de la manera establecida en el artículo 31.2 de la ley anterior.

De conformidad con el dispuesto en el artículo 30.7 de la LXS, la concesión de estas subvenciones no requerirá otra justificación que la indicada en la Base Quinta y adicionalmente la establecida en la Base Decimoprimera, sin perjuicio de los controles que se podan efectuar con posterioridad, que se extenderán a la totalidad de los beneficiarios. La elección de este procedimiento ven justificado pues, por la propia naturaleza de las ayudas y su concesión ven determinada por el cumplimiento por parte de los solicitantes de los requisitos establecidos en las propias Bases Reguladoras.

El Concello de Xove abonará las ayudas a las personas solicitantes que reúnan los requisitos previstos en estas bases con el límite del 50% del coste de cada bono solicitado.

Quinto. Requisitos de los solicitantes

a.- Impreso de solicitud

b.- Fotocopia del D.N.I. o N.I.F. del solicitante. No será preciso volver a presentarla en posteriores solicitudes.

c.- Certificado de empadronamiento y residencia efectiva

d.- Certificado o acreditación de estar matriculado en los estudios para los que se solicita la ayuda

e. Transferencia bancaria de tener abonado el 50% del importe del bono.

f.-Declaración de otras ayudas obtenidas para la misma finalidad, en el modelo normalizado

En el caso de que se trate de segundas o posteriores solicitudes de bonos, el Concello llevará a cabo la comprobación de la existencia de deudas con el mismo, de tal modo que en el caso de que el beneficiario, o a su unidad familiar en el caso de no estar emancipado, figurase como deudor al Concello de Xove, las solicitudes de ayudas serán denegadas en tanto en cuanto no se satisfaga la misma.

Sexto. Plazo de presentación de las solicitudes

Límite de presentación de solicitudes:

El plazo establecido para la presentación de solicitudes será todo el ejercicio 2022, pudiendo abarcar tanto la parte del curso que transcurre entre septiembre y diciembre como la parte del curso que transcurre entre enero y julio.

Documentación a presentar: impreso oficial completo acompañado de la documentación exigida en las bases reguladoras de la presente convocatoria.

Lugar de presentación: Sede electrónica del Ayuntamiento de Xove www.xove.es,o bien presencialmente en el Registro General del Ayuntamiento de Xove. Camiño Real, s/n; 27880, Xove (Lugo)

Asimismo, también podrán presentarse dichas instancias en registro y oficinas, de acuerdo con lo previsto en el artículo 66 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre, de Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas.

XOVE, 18 de noviembre de 2021.- EL ALCALDE, JOSÉ DEMETRIO SALGUEIRO RAPA.

R. 3338
